

EMENDAS A CARTA FINANCEIRA ORDEADAS

EMENDA 1 REXEITADA

EMENDA Á TOTALIDADE

CARTA FINANCEIRA

MARCO

Anova-Irmandade Nacionalista a través da presenza institucional temos a esixencia inexcusábel de fomentar unha acción política honesta e transparente, como mostra inequívoca do noso compromiso coa maioría social agredida.

Deste xeito, as persoas asinantes, os cargos electos, de libre designación e de libre disposición comprometémonos a xerar unha actividade política baseada nun código ético e de conduta que vaia moito máis aló do estrito cumprimento da lexislación vixente.

Pularemos pola democracia participativa. Nese sentido, estamos convencidos e convencidas de que debemos promover o cambio e a renovación periódica das persoas que nos representan tanto na organización como nas institucións. Con esa finalidade, promoveremos o acceso ás responsabilidades no seo da organización e aos cargos públicos do maior número de cidadáns e cidadás para favorecermos non só os novos liderados, senón tamén os liderados colectivos.

Anova-IN como movemento político organizado asumimos que sen participación non é posíbel a democracia, polo que temos como obxectivo implantar un modelo de democracia participativa alicerzado fundamentalmente na colaboración voluntaria da militancia.

Xa que logo, respecto das cotas da nosa militancia, esenciais como mostra do seu compromiso, no canto de desenvolvermos un modelo de cotización máis propio dos partidos clásicos, entendemos que, para non coutar a participación da cidadanía, deberán ter un carácter simbólico. Consecuentemente a Coordinadora Nacional establecerá o sistema de cotas despois do debate previo nas asembleas de base.

Designamos a Coordinadora Nacional e as asembleas de base no seu ámbito como administradoras dos recursos económicos de Anova. A Coordinadora Nacional comisionará colexiadamente como mínimo tres persoas para a responsabilidade de Finanzas. Analogamente, as asembleas de base designarán cando menos dúas persoas como responsábeis da Área de Finanzas.

As Asembleas de Base elaborarán un informe semestral da administración dos seus fondos para facelo público. A Área Nacional de Finanzas elaborará un informe semestral para a Coordinadora Nacional, sen prexuízo de que deba elaborar un informe a requirimento dun 40% dos membros da Coordinadora Nacional ou da Comisión Permanente.

Despois da súa formalización, a Coordinadora Nacional a través da Área de Finanzas creará un Grupo de Traballo de Xestión e Transparencia Económica aberto a todas as persoas que pertencen á Coordinadora Nacional. Este Grupo de Traballo organizará todo o relativo á Asemblea Nacional pola Transparencia. A contabilidade da nosa organización rexerá polo principio de caixa única. Porén, as asembleas de base disporán do 50% do recadado no seu ámbito. De prestárenlles servizos ás organizacións políticas, utilizaremos sempre as entidades de banca ética que probe a Coordinadora Nacional.

Anova-IN tan só pagará todos aqueles gastos orzamentados con anterioridade e aprobados no seu respectivo ámbito.

E polo tanto, para formalizar o noso compromiso colectivo na defensa dos intereses xerais da maioría social, por riba de calquera interese persoal, privado ou partidista adquirimos o compromiso de cumprir e velar as normas da seguinte Carta Financeira. En caso contrario, estamos na obriga de dimitir.

Compromisos:

1- Esta Carta Financeira atinxe as persoas que ocupen cargos electos e cargos de libre designación retribuídos con recursos públicos. Fai parte do compromiso das persoas que o asinamos cumprírmolo no eido da nosa responsabilidade.

- 2- O soldo neto estipulado, tanto para os cargos electos con adicación parcial ou exclusiva como para os de libre designación, resultará como máximo de equiparar o salario público ao salario que se percibía con anterioridade. En todo caso, o salario mínimo será tres veces o SMI, suxeito ás revisións anuais.
- 3- As persoas asinantes desta carta financeira actualizarán cada ano a Declaración de Bens, actividades económicas e de posibles incompatibilidades, entregando as súas declaracións a Área de Finanzas de Anova – Irmandade Nacionalista para darlle publicidade .
- 4-Os cargos da organización, os cargos electos e de libre designación non poderán ocupar os seus postos máis de dous períodos, consecutivos ou alternos.
- 5- Anova-IN comprometémonos a levar a cabo anualmente unha xuntanza aberta á cidadanía, baixo o nome de Asemblea Nacional pola Transparencia, na que faremos públicos os ingresos e gastos de toda a organización, dando conta das actuacións e liñas de traballo desenvolvidas durante o ano. Asemade, aprobaremos un plan de traballo para o ano seguinte.
- 6- Anova-IN co gallo de promovermos estruturas paralelas ás administrativas, destinaremos anualmente un 25% dos ingresos que percibamos a través das subvencións pola nosa actividade institucional. A finalidade destes cartos será incentivar proxectos de interese social alternativos ao sistema, para o que abriremos anualmente un concurso. Será na Asemblea Nacional pola Transparencia onde se realizará, mediante votación, a escolla dos proxectos destinatarios destes ingresos.
- 7- Os cargos electos e de libre designación que asinamos, adquirimos o compromiso de facer un uso racional e transparente dos recursos públicos, estándonos obrigados a denunciar calquera abuso ou práctica fóra deste marco ao detectalo noutras e noutros no exercicio das súas funcións institucionais.
- 8- As asinantes e os asinantes deste documento renunciámos aos agasallos ou privilexios pagos con diñeiro público que poidamos recibir pola nosa condición de cargos electos ou de libre designación.

EMENDA 2 ACEITADA

PUNTO 2

LIÑA 13

ENGADIR

"os derivados das actividades promocionais de Anova"

EMENDA 3 TRANSACCIÓN

PUNTO 3

LIÑAS 14-17.

SUBSTITUCIÓN

"As subvencións aos grupos municipais ou parlamentares en calquera ámbito, adícanse ao fin para o que son concedidos: posibilitar o funcionamento dos grupos e a relación destes coas electoras e electores. En ningún caso se poderán utilizar estes fondos de xeito discrecional. Para que os grupos municipais ou parlamentares poidan adicalos a outros fins deberán presentar unha memoria do gasto e o fin que será aprobada na asemblea ou coordinadora do seu ámbito de representación."

Aceitase

"As subvencións aos grupos municipais ou parlamentares en calquera ámbito, adícanse ao fin para o que son concedidos: posibilitar o funcionamento dos grupos e a relación destes coas electoras e electores. En ningún caso se poderán utilizar estes fondos de xeito discrecional"

EMENDA 4 TRANSACCIÓN

PUNTO 3.

LIÑAS 14-17.

SUBSTITUCIÓN

“As subvencións aos grupos municipais ou parlamentares en calquera ámbito, adicaranse ao fin para o que son concedidos: posibilitar o funcionamento dos grupos e a relación destes coas electoras e electores. En ningún caso se poderán utilizar estes fondos de xeito discrecional. Para que os grupos municipais ou parlamentares poidan adicalos a outros fins deberán presentar unha memoria do gasto e o fin que será aprobada na asemblea ou coordinadora do seu ámbito de representación.”

Aceitase

“As subvencións aos grupos municipais ou parlamentares en calquera ámbito, adicaranse ao fin para o que son concedidos: posibilitar o funcionamento dos grupos e a relación destes coas electoras e electores. En ningún caso se poderán utilizar estes fondos de xeito discrecional”

EMENDA 5 ACEITADA

PUNTO 3

líña 16

substitución :

Substituir “..cos electores” por “coa cidadanía”.

EMENDA 6 REXEITADA

PUNTO 4

LIÑA 18

SUBSTITUCIÓN

4.- A remuneración do traballo político nas institucións debería ser acorde, de ser posible, as súas retribucións, de telas, antes de iniciar a súa vida institucional.

EMENDA 7 TRANSACCIÓN

PUNTO 4

líñas 18-22

substitución :

Substituir por “As persoas que desempeñen cargos institucionais retribuídos, quer por elección, quer por designación política de Anova, percibirán, como mínimo o importe de 2,5 veces o SMI e como máximo, unha retribución equivalente á que viñan percibindo na súa actividade laboral con anterioridade á súa elección ou designación, tendo en conta para elo a certificación de ingresos por rendementos de traballo ou de actividades económicas ou profesionais que consten no IRPF, segundo corresponda.

A diferenza entre as retribucións do cargo institucional e as correspondentes á súa actividade laboral anterior serán ingresadas pola persoa en Anova. De ser dita diferenza negativa, a persoa quedará exenta de contribución, agás a correspondente á súa condición de afiliado/a.

O especificado neste apartado enténdese con independencia do dereito de percepción de dietas e gastos de locomoción e transporte, sempre e cando correspondan a gastos efectivos e coa debida xustificación documental acreditativa”.

Nova redacción do Punto 4:

“Respecto da remuneración do traballo político nas institucións, e máis aló da opinión política que merezan as que se fixen pola administración respectiva para casos concretos, o criterio é que hai que remunerar o traballo político e, por parte de Anova , os cargos institucionais, recibirán o mesmo que a remuneración que calquera outro afiliado reciba polo seu traballo”.

EMENDA 8 REXEITADA

PUNTO 4

Liña 22.

ENGÁDEGA.

Despois de ... traballo. Engadir:

“Mentres continúe o sistema e contía actual de retribucións, concibido para facilitar a financiamento dos partidos políticos, as deputadas e deputados no Parlamento Galego, continuarán contribuíndo con 1.000 € / mes á Anova – Irmandade Nacionalista. De variar o réxime económico será a Coordinadora Nacional a competente para realizar os axustes pertinentes.”

EMENDA 9 TRANSACCIÓN

PUNTO 5

LIÑA 23

SUPRESIÓN

isto non sei si é legal ou non:

5.- Todas as persoas que ocupen un cargo institucional entregaran a ANOVA-IRMANDADE NACIONALISTA un 10 % dos seus emolumentos que estean orixinados pola súa, agás aqueles que recibindo emolumentos que superen as súas retribucións antes de iniciar a súa vida institucional que ingresaran a diferenza de ésta, de ser superior o 10 %.

DESPOIS DE “TRABALLO POLÍTICO” NO PUNTO 4 ENGADIR:

“A Coordinadora Nacional determinará en cada caso a cuantía do que teñan que entregar á organización as persoas que desempreguen cargos institucionais remunerados”.

EMENDA 10 TRANSACCIÓN

PUNTO 5

LIÑAS 23-24-25-26-27-28

substitución

A cota mínima e obrigatoria para os afiliados de ANOVA IN será de 3€/mes.

A cota mínima e obrigatoria para estudantes, desempregados e xubilados que non Superen o SMI, será de 1€/mes.

Por

“As cotas fixadas actualmente pola Coordinadora Nacional son só a de 1 € só as persoas sen ingresos ou de 3€/mes para quen ingresa o SMI, polo que cómpre que á volta da I Asemblea Nacional se fixe a cota para maiores tramos de renda. ”

EMENDA 11 REXEITADA ver 10

PUNTO 6

LIÑA 26

SUBSTITUCIÓN

6.- As cotas mínimas que se fixan para a pertencenza a ANOVA-IRMANDAE NACIONALISTA é de 1 € mensual para as persoas sin recursos e de 3 € mensuais para o resto. En calquer caso toda persoa que o desexe paderá ingresar cantidades superiores as anteriormente fixadas.

EMENDA 12 TRANSACCIÓN

PUNTO 7

LIÑAS 34-35

SUBSTITUCIÓN:

Substituir por

“A Coordinadora Nacional realizará a administración e xestión dos recursos económicos de Anova, delegando dita función nun responsable de finanzas, que asumirá dita función de xeito específico sen outros cometidos ou cargos orgánicos acumulados. No caso das asembleas locais, a persoa responsable será designada pola asemblea respectiva”.

Substituir por

“Os recursos económicos de Anova – Irmandade Nacionalista serán administrados pola Coordinadora Nacional e por as asembleas locais no respectivo ámbito. A Coordinadora Nacional efectuará a administración por medio da persoa Comisionada de Finanzas – que exercerá o seu cargo de xeito específico, sen outras encomendas - e as asembleas locais por medio da persoa responsábel desa área.”

EMENDA 13 TRANSACCIÓN

PUNTO 7

LIÑA 40:

ENGÁDEGA

“As contas de Anova-Irmandade Nacionalista serán mancomunadas e precisarán a sinatura de cando menos dúas persoas para realizar operacións de saída”

Por

“As contas de Anova-Irmandade Nacionalista serán mancomunadas e precisarán a sinatura de cando menos dúas persoas para realizar operacións”

EMENDA 14 TRANSACCIÓN NA ANTERIOR

PUNTO 7:

LIÑA 40:

ENGÁDEGA

“As contas de Anova-Irmandade Nacionalista serán mancomunadas e precisarán a sinatura de cando menos dúas persoas para realizar operacións de saída”

EMENDA 15 REMITIR COMO MATERIAL DE TRABAJO PARA A CN

PUNTO 7

LIÑA 29

ENGÁDEGA: novo punto 6 BIS

7. As persoas que desempeñen responsabilidades públicas en representación de ANOVA, deberán facer una aportación progresiva, en función dos ingresos procedentes do desempeño do seu cargo público. Namentras a coordinadora eleita na I Asemblea Nacional de ANOVA non estableza unhas parámetros fixos, aplicarase provisoriamente a taboa e os criterios seguintes:

Criterios:

1. Aquelas persoas que perciban **indemnizacións por asistencia**, das administracións públicas polo desempeño das súas responsabilidades políticas, pasarán o 50 % do percibido a ANOVA, despois de descontar os seguintes gastos:

- ☒ Perda de salario, na súa profesión, por adicarllo ao cargo público (50-120 €/día).
- ☒ Dietas por desprazamento (0,23 €/Km).

☑ Dietas por manutención, a xornada completa e a unha distancia >50 Km (12 €/dia).

☑ Gastos derivados da non percepción desas cantidades na Declaración da Renda.

2. Aquelas persoas que perciban **remuneración do traballo político** nas institucións, polo desempeño das súas responsabilidades políticas, pasarán a ANOVA, as seguintes cantidades, poidendo descontar os seguintes gastos:

☑ Gastos derivados da non percepción desas cantidades na Declaración da Renda.

☑ Outros gastos derivados do desempeño do seu traballo político.

ADICACIÓN PARCIAL		ADICACIÓN TOTAL	
TRAMOS	%	TRAMOS	%
SALARIO			
< 600 €/mes	0	< 600 €/mes	0
600-900 €/mes	5	600-900 €/mes	0
900-1200 €/mes	10	900-1200 €/mes	5
1200-1500 €/mes	15	1200-1500 €/mes	10
1500-1800 €/mes	20	1500-1800 €/mes	15
1800-2100 €/mes	25	1800-2100 €/mes	20
2100-2400 €/mes	30	2100-2400 €/mes	25
>2400 €/mes	35	>2400 €/mes	30

TABOA ADICACIÓN PARCIAL: SALARIO €/mes			TRAMO SALARIO (€/mes)			COTA ANOVA €/mes	
< 600	600-900	900-1200	1200-1500	1500-1800	1800-2100	2100-2400	>2400
0 %	5 %	10 %	15 %	20 %	25 %	30 %	35 %
700	-	5	-	-	-	-	5
800	-	10	-	-	-	-	10
900	-	15	-	-	-	-	15
1000	-	15	10	-	-	-	25
1100	-	15	20	-	-	-	35
1200	-	15	30	-	-	-	45
1300	-	15	30	15	-	-	60
1400	-	15	30	30	-	-	75
1500	-	15	30	45	-	-	90
1600	-	15	30	45	20	-	110
1700	-	15	30	45	40	-	130
1800	-	15	30	45	60	-	150
1900	-	15	30	45	60	25	175
2000	-	15	30	45	60	50	200

2100	-	15	30	45	60	75	-	-	225
2200	-	15	30	45	60	75	30	-	255
2300	-	15	30	45	60	75	60	-	285
2400	-	15	30	45	60	75	90	-	315
2500	-	15	30	45	60	75	90	35	350

EMENDA 16 TRANSACCIÓN

PUNTO 7

LIÑA 40

ENGÁDEGA DUN Novo parágrafo ao final do punto 7:

Todo informe económico deberá ser comunicado á militancia. Adicionalmente, os informes estarán dispoñibles de maneira electrónica para a súa a consulta por calquera persoa e en calquera momento.

Por

“Os informes económicos estarán a disposición da militancia”.

EMENDA 17 REXEITADA

LIÑA 42

ENGÁDEGA

ao final deste punto engadir : e non terán outro cargo nin organizativo nin institucional , a ningún nivel.

EMENDA 18 ACEITADA

PUNTO 9

LIÑA 44

SUBSTITUCIÓN

“localidades” por “assembleas de base”.

EMENDA 19 REXEITADA

PUNTO 9:

LIÑA 45:

SUBSTITUCIÓN

“o 50% do recadado no seu ámbito” por “o 100% do recadado no seu ámbito. Tamén se lle transferirá unha cantidade das subvencións que, no seu caso, obteña Anova-Irmandade Nacionalista pola súa presentación aos distintos procesos electorais”

EMENDA 20 REXEITADA

PUNTO 9

LIÑA 45

SUBSTITUCIÓN

“o 50% do recadado no seu ámbito” por “o 100% do recadado no seu ámbito. Tamén se lle transferirá unha cantidade das subvencións que, no seu caso, obteña Anova-Irmandade Nacionalista pola súa presentación aos distintos procesos electorais”

EMENDA 21 REXEITADA

PUNTO 9

LIÑA 45

substitución

A contabilidade de Anova – Irmandade Nacionalista rexerase polo principio da caixa única o que non impide que dos recursos recados por cotas, as localidades dispoñan para o seu funcionamento o **70%** do recadado no seu ámbito.

EMENDA 22 REXEITADA

PUNTO 10

LIÑA 46

SUPRIMIR O PUNTO

EMENDA 23 REXEITADA

PUNTO 11

Remítome Ao punto 5 e 6 establecer unha única cota para toda a afiliación e que se poida aportar traballo como pago desas cotas nos casos das persoas que non poidan satisfacelas.

EMENDA 24 REXEITADA

PUNTO 11

LIÑAS 50-51-52

As modificacións, actualizacións ou revisións das cotas de afiliación a ANOVA IN, fixaranse pola Asemblea Nacional.

EMENDA 25 REXEITADA

PUNTO 11

LIÑA 52

ENGÁDEGA

As persoas que ostentan cargos de representación de Anova-Irmandade Nacionalista aboarán unha porcentaxe (15%) das súas retribucións á organización. No caso de que as retribucións non cheguen a 1,5 veces o SMI non será preciso facer a aportación.

As persoas que representen a Anova tamén aboarán, de ser o caso, un 15% das dietas de asistencia a órganos ou organismos dos que formen parte pola súa condición de representante de Anova.

EMENDA 26 REXEITADA

PUNTO 11:

LIÑA 52:

ENGÁDEGA

As persoas que ostentan cargos de representación de anova-irmandade nacionalista aboarán unha porcentaxe (15%) das súas retribucións á organización. no caso de que as retribucións non cheguen a 1,5 veces o smi non será preciso facer a aportación.

As persoas que representen a anova tamén aboarán, de ser o caso, un 15% das dietas de asistencia a órganos ou organismos dos que formen parte pola súa condición de representante de anova.

EMENDA 27 TRANSACCIÓN

DOS CARGOS INSTITUCIONAIS DE ANOVA

LIÑA 53

ENGADIR un novo apartado.

1) Os nosos representantes institucionais, de recibiren un soldo polas súas funcións políticas, só cobrarán o salario medio, o do concello que for se é un posto municipal e o medio galego de se tratar de calquera outro. O excedente do que perciban hase destinar a calquera axente que contribúa ao benestar social do pobo galego e ao avance na liberación nacional: centros e comedores sociais, asociacións, equipas de normalización... e que en todo caso ha determinar a Coordinadora Nacional.

2) Tamén será obrigatorio para os nosos representantes institucionais o asinado dunha renuncia pública e ante notário de todo privilexio do que puideren ser beneficiarios como representantes públicos unha vez que expirou o seu labor: pensións, complementos, beneficios fiscais, preferencias en servizos públicos...

INTRODUCIR só onde proceda "renuncia ao plus dos altos cargos"

EMENDA 28 ACEITADA

PUNTO 12-NOVO

LIÑAS 53

ENGÁDEGA :

Engadir o seguinte : "Toda persoa afiliada a Anova terá dereito a coñecer os datos informativos, de resultados e balance da xestión económica. A tal efecto, e con carácter mínimo anual, remitirase un resumo comprensivo dos mesmos a cada afiliado/a".

EMENDA 29 ACEITADA

PUNTO 13-NOVO

LIÑA

ENGÁDEGA:

Engadir o seguinte : "No Informe de Xestión da Coordinadora Nacional, a presentar en cada Asemblea Nacional, deberá figurar un apartado específico e diferenciado relativo á xestión económica de Anova, co suficiente nivel de detalle de ingresos e gastos".

EMENDA 30 ACEITADA

SUBSTITUCIÓN ONDE PROCEDA

Onde se sulina Carácter público de toda a información referente aos ingresos e gastos de todas e cada unha das estruturas da organización. Auditoría anual das contas de Anova.

Sustituír anual, por
semestral.

EMENDA 31 REXEITADA

ENGÁDEGA ONDE PROCEDA

Ao falar de prestacións que non excederan do salario medio no correspondente ámbito, engadir avariable "sexo" a dita esixencia.

Quedando do seguinte xeito: "Remuneración dos/as representantes institucionais, que en ningún caso excederán do salario medio feminino do ámbito no que se exerza a representación"